

ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE AMES

Exercicio 2020

MEMORIA DA ALCALDÍA

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2019, cuxo importe ascende a **27.370.689,82 euros**.

O orzamento para 2020 pasa a ser o orzamento mais alto da historia do Concello de Ames, superando a cifra dos 27 millóns de euros, o que evidencia o compromiso no investimento e desenvolvemento de servizos que presta o Concello. Caracterízase polo seu equilibrio e sustentabilidade, marcado por unha máxima eficiencia dos recursos públicos garantindo a prestación de servizos básicos de conciliación que volven a incrementarse, así como dos servizos sociais. O incremento da inversión ben garantida pola sustentabilidade orzamentaria e financeira que garante o cumprimento do pago aos provedores do Concello que prestan os servizos e executan as obras municipais.

Este orzamento segue a enmarcarse nun escenario de mínimo de débeda coas entidades bancarias tan só acudindo para o financiamento dos proxectos Europeos obtidos. Precisamente a obtención dunha nova subvención Europea, a través do IDAE, para investimento en eficiencia enerxética integramente no rural, é un dos proxectos estrela que se contempla neste orzamento e que se suma ao proxecto Impulsa-Ames (DUSI) que ao longo desta anualidade terá un impulso destacable coa posta en marcha de moitas das operacións contempladas, o que incrementa notablemente o capítulo de investimentos (+15,81 %) con actuacións dirixidas á cidadanía.

O Orzamento responde aos obxectivos e actuacións que fundamentan a mellora dos servizos sociais, especialmente os destinados a facer fronte aos mais necesitados co incremento notable das partidas de Servizo de axuda no fogar e da renda básica municipal. Os servizos públicos básicos de conciliación, benestar social, promoción deportiva, cultural e económica, terán un impulso nesta anualidade, adaptándose ás características da situación actual e da poboación Amesán, na que se fai precisa a adopción de políticas proactivas que impulsen a recuperación empresarial e unha ampla cobertura social.

Unha vez mais, no orzamento de 2020, o cuarto consecutivo no Concello, o capítulo de persoal terá un reforzo considerable cunha partida que se verá incrementada pola subida salarial e a dotación de crédito especial para políticas de persoal, á falta dunha flexibilización da taxa de reposición que impide o incremento necesario da plantilla municipal que demanda un Concello como o de Ames onde a poboación está en continuo crecemento.

Na presente Memoria explícanse as principais características do orzamento, así como as modificacións máis importantes introducidas respecto ao anterior.

Orzamento de gastos:

Créditos iniciais	2.019	2.020	DIFERENCIAS 2019	% CON RESPECTO A 2019
1. Gastos de persoal	8.399.099,00	8.876.743,74	477.644,74 €	5,69%
2. Gastos en bens correntes e servicios	11.692.398,79	12.023.726,53	331.327,74 €	2,83%
3. Gastos financeiros	1.000,00	4.000,00	3.000,00 €	300,00%
4. Transferencias correntes	1.328.084,12	1.243.458,99	-84.625,13 €	-6,37%
5. Fondo de continxencia y Outros imprevistos	146.527,48	42.342,52	-104.184,96 €	-71,10%
Gastos correntes	21.567.109,39 €	22.190.271,78 €	623.162,39 €	2,89%
6. Inversións reais	4.415.681,91	5.113.793,21	698.111,30 €	15,81%
7. Transferencias de capital	0,00 €	0,00	0,00 €	0,00%
Gastos de capital	4.415.681,91 €	5.113.793,21 €	698.111,30 €	15,81%
8. Activos financeiros	12.000,00 €	12.000,00 €	0,00 €	0,00%
9. Pasivos financeiros	0,00 €	54.624,83 €	54.624,83 €	100,00%
Gastos financeiros	12.000,00 €	66.624,83 €	54.624,83 €	455,21%
Totais	25.994.791,30 €	27.370.689,82 €	1.375.898,52 €	5,29%

Orzamento de ingresos

Previsións iniciais	2.019	2.020	DIFERENCIAS 2019	% CON RESPECTO A 2019
1. Impostos directos	7.769.515,99 €	8.342.752,88 €	573.236,89 €	7,38%
2. Impostos indirectos	257.000,00 €	390.000,00 €	133.000,00 €	51,75%
3. Taxas, prez. públ. e out. ing	6.368.026,95 €	6.737.542,85 €	369.515,90 €	5,80%
4. Transferencias correntes	8.376.624,67 €	8.707.892,01 €	331.267,34 €	3,95%
5. Ingresos patrimoniais	62.780,00 €	74.500,00 €	11.720,00 €	18,67%
Ingresos correntes	22.833.947,61 €	24.252.687,74 €	1.418.740,13 €	6,21%
TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	25.281.248,92 €	26.673.744,86 €	1.392.495,94 €	5,51%
6. Alleamento de investimentos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00%
7. transferencias de capital	2.447.301,31 €	2.421.057,12 €	-26.244,19 €	-1,07%
Ingresos de Capital	2.447.301,31 €	2.421.057,12 €	-26.244,19 €	-1,07%
8. Activos financeiros	12.000,00 €	12.000,00 €	0,00 €	0,00%
9. Pasivos financeiros	701.542,38 €	684.944,96 €	-16.597,42 €	-2,37%
Ingresos financeiros	713.542,38 €	696.944,96 €	-16.597,42 €	-2,33%
Totais	25.994.791,30 €	27.370.689,82 €	1.375.898,52 €	5,29%

Neste orzamento de 2020 prodúcese un incremento nos ingresos e gastos con respecto ao exercicio 2019 de **1.375.898,52** euros, un 5,29% mais.

Este incremento débese, fundamentalmente, á inclusión no orzamento da anualidade do proxecto Impulsa-Ames (DUSI), da financiación do IDAE e ao Pos Adicional 1/19, así como incrementos en investimentos importantes como a adquisición do espazo colaborativo do Coworking ou o inicio das obras de ampliación do pavillón municipal.

Estes orzamentos seguen a apostar pola blindaxe dos servizos sociais incrementado o crédito asignado a esta área a cifra dos 2.235.311,27 euros, o que se repite por segundo ano consecutivo, incrementando o crédito para a Renda Social Municipal, á vez que se incrementa a partida de crédito no Servizo de Axuda no Fogar. Este incremento súmase á forte aposta do equipo de goberno polo mantemento, mellora e ampliación dos servizos municipais que xa se viñan prestando.

Recóllese tamén un forte esforzo inversor neste exercicio, de forma que o capítulo de investimentos ascende a 5.113.793,21 euros o que mantén a aposta inversora do ano pasado que xa superaba os 4 millóns de euros sendo unha aposta por realizar importantes melloras nas infraestruturas e servizos que se detallan no anexo de investimentos, entre as que destacan as melloras das redes de saneamento, abastecemento e pluviais, investimentos en camiños veciñais do rural, obras de pavimentación e urbanización de vías públicas, investimento en proxectos de mellora de eficiencia enerxética, obras destinadas á mellora da accesibilidade, acondicionamento de espazos múltiples, obras en infraestruturas deportivas, investimento en promoción turística, en promoción da actividade empresarial e investimentos no rural.

Polo tanto estamos ante un orzamento que crece respecto ao 2019 por encima do 5% con un claro esforzo inversor onde se incrementa a partida de gastos mellorando e incrementando os servizos municipais e onde as taxas e prezos públicos se manteñen sen que se produza un incremento nos tipos impositivos salvo incrementos que responden a evolución normal dos servizos. O incremento das previsións de ingresos débese fundamentalmente á subida do imposto de bens inmobles en 0,06 décimas, chegando ao mesmo valor que nos anos 2012-2015. Tamén a evolución dos distintos impostos, o incremento dos usuarios nos distintos servizos, as actuacións vinculadas ao proxecto DUSI-Impulsa Ames e a obtención de fondos de distintas administracións, elevan a cantidade de ingresos.

Finalmente, cabe destacar o descenso do endebedamento nos últimos anos, de tal xeito que a día de hoxe as operacións de endebedamento previstas son a do préstamo provincial 2020 e a do proxecto Impulsa Ames(DUSI).

Non obstante, parte das cuestións abordadas nesta memoria figuran recollidas tamén -e en ocasións ampliadas- no Informe económico-financeiro que figura no expediente.

1. EN RELACIÓN AOS INGRESOS

Respecto aos ingresos neste exercicio incrementase o tipo impositivo do IBI e mantéñense os tipos impositivos do resto dos impostos municipais, os incrementos que se amosan no orzamento de ingresos con respecto ao exercicio 2019, céntranse no imposto de bens inmobles, no de vehículos de tracción mecánica e no imposto de actividades económica sendo un 6,87% superiores as de 2019 .

No que respecta ás taxas e prezos públicos, fonte de financiamento dos principais servizos municipais, con respecto ao exercicio 2019, pode observarse un incremento nas previsións iniciais de un 5,48%, isto débese fundamentalmente a un aumento do número de usuarios nos distintos servizos municipais e polo tanto das previsións iniciais.

En canto aos impostos indirectos, concretamente do imposto de construcións instalacións e obras, que nos últimos anos se observa unha certa recuperación, viuse incrementado neste orzamento debido ao plan de inspección e as novas promocións e proxectos que se están a tramitar nos servizos urbanísticos e que verán a luz neste exercicio, polo que se produce un incremento salientable das previsións con respecto a 2019 de un 34,10%.

Por outra banda, amósase un incremento das transferencias correntes con respecto ao exercicio 2019 debido a que neste exercicio o importe orzamentado na participación de tributos do Estado realizouse sobre as entregas de 2019 que se viron incrementadas no último trimestre do exercicio 2019. Prodúcese un incremento nas previsións de transferencias da Administración da Comunidade Autónoma, fundamentalmente polo incremento previsto na subvención do Plan Concertado para 2020, ademais doutras actuacións deste equipo de goberno que amosan a maior capacidade negociadora para conseguir captar maiores recursos doutras administracións.

No que se refire ás transferencias da Deputación Provincial, concretamente no Plan Provincial de Obras e Servizos (POS+ 2020) dunha contía total de 871.278,10 euros, destínase neste exercicio un importe que ascende a 150.000,00 euros a gasto corrente, que responde aos cambios no funcionamento e financiamento do POS que xa tiveron lugar nas anualidades anteriores. A través deste plan desaparecen as principais liñas de subvencións provinciais, para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica, que se integran no importe total do POS +, de forma que os concellos que manteñan estes servizos deberán prever nos seus orzamentos os créditos necesarios para facer fronte a eses gastos, cousa que así fai o actual equipo de Goberno.

Os principais investimentos (Capítulo VI) previstos neste orzamento de 2020 por importe de 5.113.793,21 euros estarían financiándose a través do capítulo VII de ingresos, que se corresponden coas subvencións de capital do POS + 2020 (721.278,10 euros) e o POS Adicional 1/19 aprobado no mes de febreiro pola Deputación Provincial (834.460,91 euros), fondos europeos da DUSI-Impulsa Ames (1.008.800 euros) e fondos do IDAE para mellora de alumeado no rural (139.263,07 euros).

Destacar o importe dos investimentos vinculados ao Ciclo Integral da Auga, que neste exercicio ascenden a 629.773,98 euros. Algunhas das actuacións xa se atopan detalladas no anexo de investimentos e outras constan serán aprobadas polo Pleno da Corporación ao longo do exercicio.

En canto ao financiamento de investimentos por operacións financeiras contéplanse varias obras por importe total de 432.744,96 euros, cuxo financiamento responde a un préstamo provincial do POS+ 2020, e actuacións por importe de 1.261.000,00 euros do proxecto DUSI-Impulsa Ames, cofinanciadas con fondos propios acudindo a unha operación de endebedamento de 252.200,00 euros.

Polo tanto, neste exercicio o endebedamento municipal con entidades financeiras responde á achega municipal obrigatoria para os proxectos de investimento do DUSI-Impulsa Ames e que son os seguintes:

PROXECTO				APLICACIÓN			AREA DE GASTO	IMPORTE PREVISTO 2020	DENOMINACIÓN PROXECTO
Anualidade	Tipo	órgano Xestor	Número	CLASIF	PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN		
2020	2	OT.04	1	LA03DUSI	134	62700	MOBILIDADE URBANA. Proxectos complexos	15.000,00	DUSI. Posta en marcha Transporte municipal. Estudo previo
2020	2	OT.04	2	LA03DUSI	134	62700	MOBILIDADE URBANA. Proxectos complexos	104.000,00	DUSI. Transporte baixo demanda taxi
2020	2	OT.04	3	LA04DUSI	154	62700	ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DUSI. Proxectos complexos	367.000,00	DUSI. Creación de sendeiros escolares e deportivos
2020	2	OT.06	1	LA08DUSI	154	62700	ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DUSI. Proxectos complexos	500.000,00	DUSI. Creación de una almendoa central que vertebre el núcleo urban de Bertamiráns, peatonalizando rúas e favorecendo a creación dun espazo cidadán entrea Casa Consistorial, e o Pazo da Peregrina e o Parque do Ameneiral.(Plurianual 3 anos)
2020	2	OT.06	2	LA08DUSI	154	62700	ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DUSI. Proxectos complexos	12.000,00	DUSI. Proxecto de creación dunha segunda zona verde en Milladoiro
2020	2	OT.06	2	LA08DUSI	154	62700	ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DUSI. Proxectos complexos	88.000,00	DUSI. Obras dunha segunda zona verde en Milladoiro
2020	2	OT.09	1	LA10DUSI	154	62700	ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS DUSI. Proxectos complexos	155.000,00	DUSI. Dotación de espazos e equipamentos Centro Xove
2020	2	OT.02	1	LA02DUSI	4913	62700	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN RADIO DUSI	20.000,00	DUSI. Instalación de dispositivos de sensorización para a detección temperá de inundacións, equipos de enlace econexión co centro de recollida de datos.
							TOTAIS	1.261.000,00	

E o endebedamento coa Deputación Provincial que ascende a 432.744,96 euros responde as seguintes actuacións:

PROXECTO				APLICACIÓN			AREA DE GASTO	IMPORTE PREVISTO 2020	DENOMINACIÓN PROXECTO
Anualidade	Tipo	órgano Xestor	Número	CLASIF	PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN		
2020	2	PROX.	6	PAI 2020	1532	61900	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	73.633,29	Obras de pavimentación .Rúa Fragua e Xunqueira (Bertamiráns) POS 2020
2020	2	PROX.	10	PAI 2020	453	60900	ESTRADAS .Inwestimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	96.288,75	Estrada de Mercuro a Vilar (Ameixenda).Préstamo Provincial 2020
2020	2	PROX.	18	PAI 2020	454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	181.993,66	Interiores de Ortoñoño e As Cortes (Ortoño).POS 2020
2020	2	PROX.	19	PAI 2020	454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	80.829,26	Interiores de Paramuíño (Biduído).POS 2020

2. EN RELACIÓN AOS GASTOS.

O estado de gastos para 2020 amosa unha aposta pola mellora e mantemento dos servizos que se veñen prestando e a ampliación e incorporación de novos servizos incrementando o crédito asignado a cada unha das áreas, en especial a área de servizos de asistencia social e promoción social, así como nas áreas de fomento do emprego, na área educativa (comedores, servizos de conciliación), na área de urbanismo, turismo e comercio, medio ambiente, xuventude, comunicación, radio municipal, promoción do deporte, seguridade e orde público, incrementando así este concello o seu esforzo inversor.

En canto aos gastos de persoal (capítulo I) o crédito total asignado a persoal sitúase nos 8.876.743,74 euros, o que amosa a aposta clara polo reforzo no emprego público, no que a estabilización será un factor clave.

O presente orzamento recolle o incremento salarial previsto no Real Decreto-lei 2/2020, de 21 de xaneiro de 2020 e no pleno de 2 de xullo de 2019 para os cargos políticos e persoal eventual, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público que supón un 2% de incremento, así mesmo inclúense os gastos correspondentes as últimas modificacións da RPT tramitadas e que o Goberno leva realizando en política de recursos humanos nos últimos catro anos.

O importe do Capítulo I mantense con respecto ás retribucións previstas para 2019 nas partidas para gratificacións, horas extras, complementos de festividade e nocturnidade nin ao fondo social, e consignando dentro do importe deste capítulo I un crédito para facer fronte a adecuacións retributivas singulares por modificacións na RPT, sempre e cando sexa posible. Dito importe ascende a 30.000€ e tamén se recolle un importe de 25.176,42 euros para incrementos salariais do 0,30% para implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables de acordo co art.3 Real Decreto-lei 2/2020.

Non se prevé contratación de persoal temporal durante o exercicio 2020, salvo necesidades urxentes ou inaprazables en servizos prioritarios ou programas concretos subvencionados. En calquera caso, consígnase crédito para atender a contratacións temporais derivadas de programas temporais e tamén se recolle unha bolsa para posibles substitucións de 50.000 euros.

O capítulo I supón un 32,43% do orzamento total e un 34,99% do empregos non financeiros do orzamento.

A estrutura retributiva no orzamento no capítulo 1 para 2020 queda establecida da seguinte maneira:

Gastos de persoal	Importe
Anexo de funcionarios	2.357.596,70
Anexo de funcionarios por programas	67.486,10
Anexo persoal laboral fixo	3.332.069,23
Anexo persoal laboral temporal	61.760,00
Anexo eventual	138.845,91
Anexo órganos de Goberno	396.479,90
Becarios	1.250,00
Substitucións de persoal	50.000,00
Incremento salarial do 0,30% para implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables (art.3 Real Decreto-lei 2/2020)	25.176,42
Negociación segunda fase da RPT (adecuacións retributivas singulares)	30.000,00
Compens. festivos e nocturnos e distorsión horaria	135.000,00
H.E. Persoal laboral	23.000,00
Gratificación	60.000,00
Horas Complementarias	6.414,00

Seguros	4.000,00
Fondo de Acción Social	60.000,00
Seguridade Social	2.127.665,48
Total	8.876.743,74

O capítulo II do estado de gastos reflicte todos os compromisos de carácter contractual e outros gastos necesarios para o funcionamento operativo dos servizos, figurando dotados todos estes compromisos de forma axeitada e suficiente para facer fronte ás obrigas de carácter contractual e todas aquelas que se consideran necesarias para o bo funcionamento das prestacións.

As aplicacións que forman este capítulo teñen reflectida as actualizacións contractuais nos casos que procedan por estar así previstas nos PCAPs reguladores do contrato.

Análise funcional do gasto

Área de gasto 1: comprende esta área todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os municipios. Hai catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadá, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente. Os servizos de competencia municipal manterán un alto nivel de calidade e chegarán a máis cidadáns. O obxectivo é unha xestión máis eficiente dos recursos orzamentarios e os seus empregos, priorizándose os empregos e garantindo a calidade e cantidade das prestacións. Aparece aquí recollida a área de gasto de mobilidade con concellería propia e de nova creación.

Os servizos públicos básicos que reflicte os servizos de Seguridade e Orde Público, xestión e tratamento de residuos, limpeza viaria, urbanismo, medio ambiente, servizo de alumeadado, mantemento de parques e xardíns, parques infantís vías públicas, representa 20,30% do gasto do orzamento total, evidentemente, os servizos públicos básicos constitúen a estrutura básica desta entidade, na que se sustentan a totalidade dos servizos fundamentais que se prestan aos cidadáns e reflicten a totalidade dos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Destaca ademais na área de Medio Ambiente a continuación programa de Plan de prevención de incendios que cumpre o cuarto ano de vida.

Área de gasto 2, a constitúen as actuacións de protección e promoción social, na que se inclúen entre outras as de acción social e emprego e que teñen un crecemento do 8,17% do orzamento total. Cabe destacar a forte aposta pola área de gasto de Benestar social, e que inclúe un incremento da Renda Social Municipal e axudas de emerxencia fixada para este ano 2020 en 200.00,00 euros, incrementándose en 25.000 euros, que darán resposta ás necesidades de persoas en risco de exclusión e situación de vulnerabilidade social ofrecéndolle unha contía económica para poder cubrir as súas necesidades, así como facilitar a súa inclusión social.

Dentro desta área sitúase o fomento do emprego, programando distintos obradoiros no centro de emprego e programas integrados, que permiten manter e mellorar as políticas sociais de emprego que inciden directamente na sociedade, así como novos investimentos para a mellora da prestación e de axuda aos emprendedores, como é a implantación do centro colaborativo de coworking, unha aposta para o que se destina unha cantidade importante de cara á adquisición dun local que albergue dita sede e promova o emprendemento.

Tamén merece ser destacada a área de gasto 3 na que se encadra educación e servizos complementarios de educación, cultura, mocidade e deporte, que incrementa o crédito asignado respecto do orzamento do 2019 e que representa un 27,33% do orzamento total.

Nos casos das áreas de Cultura, mocidade e Deporte, esta anualidade volve a producirse un incremento económico na procura da mellora dos servizos e no incremento do número das actividades desenvoltas por estes departamentos. A aposta polos servizos prestados a través destas áreas move a un gran número de veciñanza, asentándose no calendario de eventos anuais e fomentando a vida no Concello.

A área de gasto 4 recolle as políticas en materia de promoción do comercio e o turismo. Cabe destacar a aposta do concello por novas actividades na área de promoción do comercio que contribúen á promoción e desenvolvemento do comercio local e do turismo. Nesta área sitúanse as actuacións nas infraestruturas no rural, apostando por unha mellora das infraestruturas e do seu mantemento, implementando neste exercicio un plan importante de limpeza de vías no rural e que ascende a 120.000 euros, o cal supón un novo investimento de cara a mellorar a calidade de vida nas aldeas de Ames. Esta área supón un 7,81% do orzamento total.

ÁREA	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	PORCENTAXE %
0	DÉBEDA PÚBLICA	57.624,83	0,21%
1	SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	10.351.914,83	37,82%
2	ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL.	3.059.140,09	11,18%
3	PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE.	7.481.337,34	27,33%
4	ACTUACIONES DE CARÁCTER ECONÓMICO.	2.136.566,93	7,81%
9	ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL.	4.284.105,80	15,65%
	TOTAL	27.370.689,82	100%

A táboa que se amosa a continuación, reflicte a contía dotada ás políticas de gasto de acordo ao contido da Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, rexistrando tanto a variación porcentual como a contía. A síntese que se fai por políticas de gasto, posibilita facer unha avaliación obxectiva e comprobar cal é o destino final dos recursos públicos:

POLÍTICA	DESCRIPCIÓN	CRÉDITOS INICIAIS	PORCENTAXE %
01	Débeda Pública	57.624,83	0,21%
13	Seguridade e mobilidade cidadá.	1.409.836,80	5,15%
15	Vivenda e urbanismo.	2.386.505,90	8,72%
16	Benestar comunitario. (alumeado, saneamento, abastecemento, pavimentación de vías públicas)	5.555.202,92	20,30%
17	Medio ambiente parques e xardíns.	1.000.369,21	3,65%
22	Outras prestacións económicas a favor de empregados.	79.000,00	0,29%
23	Servizos sociais e promoción social.	2.235.311,27	8,17%
24	Fomento do emprego.	744.828,82	2,72%
31	Sanidade.	60.000,00	0,22%
32	Educación.	4.817.239,45	17,60%
33	Cultura.	1.412.847,82	5,16%
34	Deporte.(instalacións e promoción do deporte)	1.191.250,07	4,35%
43	Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.	262.137,82	0,96%
45	Infraestruturas no rural estradas e camiños veciñais.	1.643.529,29	6,00%
49	Outras actuacións de carácter económico (promoción económica, turismo, sociedade da información).	230.899,82	0,84%
91	Órganos de goberno.	784.617,57	2,87%
92	Administración Xeral	1.788.571,79	6,53%
93	Administración financeira e tributaria.	1.331.298,96	4,86%
94	Transferencias a outras administracións públicas.	379.617,48	1,39%
	TOTAL	27.370.689,82	100,00%

En cantos os Capítulos III (Gastos financeiros) a IX (Pasivos financeiros) neste exercicio está prevista a amortización do préstamo provincial do 2018, e a primeira anualidade do préstamo DUSI concertado en 2017. Polo que a débeda viva do concello a 31.12.2019 está formada polos préstamos provinciais para execución de obras executadas en exercicios anteriores e polos préstamos bancarios solicitado para os investimentos da estratexia DUSI Impulsa Ames.

A) Débeda financeira

Débeda Bancaria	Sistema de amortización	Capital inicial	Capital disposto a 31.12.2019	Capital pendente ao inicio do exercicio	Amortizacións	Capital péndete remate exercicio
Operación 2018-Investmentos DUSI Impulsa-Ames	Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor tres meses diferencial 0,55). Un ano de carencia	222.895,50	0,00	222.895,50 €	16.717,17 €	206.178,33 €
Operación 2019-Investmentos DUSI Impulsa-Ames	Terminos amortizativos constantes trimestrais (tipo fixo 0,41. Dos anos de carencia . Duración 10+2 de carencia	312.127,29	0,00	312.127,29 €		312.127,29 €
			Total	535.022,79 €	16.717,17 €	518.305,62 €

B) Outras débedas

Outros préstamos	Sistema de amortización	Capital Solicitado	Capital disposto a 31.12.2019	Capital pendente ao inicio do exercicio	Amortizacións	Capital pendente remate exercicio	
Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2015	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	294.045,17	294.045,17	294.045,17	0,00	294.045,17	Non computa en protocolo déficit excesivo
Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2016	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	371.455,80	371.455,80	371.455,80	0,00	371.455,80	Non computa en protocolo déficit excesivo
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2017	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	322.264,48	96.517,92	322.264,48	0,00	322.264,48	Non computa en protocolo déficit excesivo
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2018	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	379.076,58	0,00	379.076,58	37.907,66	341.168,92	Non computa en protocolo déficit excesivo
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2019	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	389.415,09	0,00	389.415,09		389.415,09	Non computa en protocolo déficit excesivo
			Total	1.756.257,12	37.907,66	1.718.349,46	

	<i>Capital pendente ao inicio do exercicio</i>	<i>Amortizacións</i>	<i>Capital pendente remate exercicio</i>
Débeda bancaria+outros préstamos	2.291.279,91	54.624,83	2.236.655,08

C) Débeda prevista orzamento 2020

Débeda Bancaria	Sistema de amortización	Capital inicial	Capital pendente ao inicio do exercicio
Operación -Investimentos DUSI Impulsa-Ames 2020	Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor tres meses diferencial que se oferte). Un ano de carencia	252.200,00	252.200,00

Outros préstamos	Sistema de amortización	Capital inicial	Capital pendente ao remate do exercicio
Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+2020	Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro.	432.744,96	432.744,96

Débeda total proxectada no orzamento 2020	684.944,96
--	-------------------

D) Volume de débeda viva e aforro neto

Débeda total proxectada no orzamento 2020	
VOLUME DE DÉBEDA VIVA (*)	Capital pendente ao remate do exercicio
(+) Ingresos correntes previstos 1 a 5	24.252.687,74
(-) Ingresos correntes afectados o extraordinarios	50.000,00
TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR:	24.202.687,74
VOLUME DE DÉBEDA VIVA 01/01/2020	
Préstamos a largo prazo bancarios (1)	535.022,79
Préstamos Provinciais	1.756.257,12
Débeda con el FFPP	0,00
Risco por operacións avaladas	0,00

DÉBEDA VIVA TOTAL A 01/01/2020	2.291.279,91
OPERACIÓN PROXECTADA(2)	252.200,00
PRÉSTAMO PROVINCIAL POS +2020	432.744,96
DÉBEDA VIVA MÁIS OPERACIÓN PROXECTADA	2.976.224,87
% sobre os ingresos correntes	12,30
DÉBEDA FINANCEIRA A FECTOS DE AUTORIZACION (1+2)	787.222,79
% sobre os ingresos correntes	3,25

En canto ao capítulo IV destinado a transferencias e subvencións ascende a 1.243.458,99 euros, distribuídos da seguinte maneira:

Política de gasto	Descrición	Importe
13	Seguridade e mobilidade cidadá.	17.000,00
17	Ambiente.	13.000,00
23	Servizos sociais e promoción social.	376.609,51
24	Fomento do emprego.	6.000,00
31	Sanidade.	1.000,00
32	Educación.	55.000,00
33	Cultura.	94.532,00
34	Deporte.	146.000,00
43	Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.	58.000,00
49	Outras actuacións de carácter económico.	18.000,00
91	Órganos de goberno.	35.400,00
92	Servizos de carácter xeral.	34.300,00
93	Administración financeira e tributaria.	9.000,00
94	Transferencias a outras administracións públicas.	379.617,48
Total Xeral		1.243.458,99

O goberno continúa ca liña iniciada en 2017 de eliminación das subvencións nominativas apostando pola concorrència competitiva, salvo nos casos excepcionais debidamente xustificadas, para garantir que todas as entidades teñan as mesmas oportunidades de concorrer ás axudas e non se establezan diferenzas que poderían menoscar e prexudicar a algunhas entidades en detrimento doutras.

Recóllese distintas liñas de subvencións e márcase neste ano o obxectivo de regularizar as convocatorias de anos anteriores de acordo co borrador de Plan Estratéxico de subvencións para o período 2020-2023.

c- Subvención correntes e de capital				
<i>PARTIDA</i>		<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>IMPORTE 2020</i>	<i>IMPORTE 2021</i>
1728	48901	Subvención Plan Prevención Incendios	13.000,00	
2311	48001	Renta social municipal e axudas de emerxencia social	200.000,00	
2311	48902	Subv.familias numerosas	110.000,00	
2312	48012	Subvencións concorrència para asociacións sen animo de lucro actividades complementarias a SS	40.000,00	
2411	48911	Axudas de custe Obradoiro InserAmes Brión	6.000,00	
3261	48004	Programa axuda libros . Convocatoria 2019/2020 en xaneiro 2020 e convocatoria 2020/2021	15.000,00	
3261	48903	Subvención ANPAS e Centros de Ensino Convocatoria 2018/2019 e 2019/2020	40.000,00	
3321	48901	Premios actividades bibliotecas	1.000,00	
3341	48101	Premios cartas Reis	500,00	
3341	48102	Premios Teatro lido	600,00	
3341	48103	Premios certame intercentros(xuventude)	424,00	
3341	48914	Subvencións culturais a entidades sen fin lucro: Convocatoria actividades 2019	30.000,00	
3341	48916	Subvencións Festas populares: Convocatoria actividades 2019	30.000,00	
3343	48103	Premios certame intercentros(Normalización)	1.000,00	
3343	48104	Premios certame literario	4.000,00	
3343	48105	Premios dinamización lingua sector económico	3.000,00	
3343	48907	Convenio RAG. Mapa sociolingüístico Anualidade 2020	3.858,00	
338	48100	Premios entroido	6.150,00	
341	48910	Subvencións entidades deportivas e clubes gastos de funcionamento 2020	75.000,00	
341	48927	Subvencións entidades deportivas e clubes gastos de escolas deportivas Plurianual	30.000,00	30.000,00
4314	47902	Subvencións Concurso escaparatismo	4.500,00	

c- Subvención correntes e de capital				
PARTIDA		DENOMINACIÓN	IMPORTE 2020	IMPORTE 2021
4314	47904	Subvencións a Asociacións empresariais.Convocatoria gastos 2019-2020	40.000,00	
4314	47905	Premios gala emprendedores	7.000,00	
4314	47906	Subvención concurso de ideas empresariais	2.500,00	
912	48931	Aportación a partidos políticos	35.400,00	
		Total	698.932,00	30.000,00

En canto o capítulo de investimentos (VI), este orzamento alcanza a cifra mais alta dos últimos orzamentos cun importe de **5.113.793,21** euros, e os investimentos contemplados son os seguintes:

APLICACIÓN		AREA DE GASTO	IMPORTE PREVISTO 2020	DENOMINACIÓN PROXECTO
PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN		
133	62600	ORDENACION DEL TRÁFICO Y DEL ESTACIONAM. Equipos procesos de información	18.500,00	PDA -Policía Local
133	62300	ORDENACION DEL TRÁFICO Y DEL ESTACIONAM. Maquinaria instalación técnicas e utillaxe	8.000,00	Alconsensor Policía Local
134	61900	MOVILIDAD URBANA . Outros investimentos de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	30.000,00	Pintados e sinalizacións en distintas rúas do Concello
134	62500	MOVILIDAD URBANA .Mobiliario	20.000,00	Mobiliario urbano (Sinais de Tráfico, marquesiñas)
134	62700	MOVILIDAD URBANA. Proxectos complexos	15.000,00	DUSI. Posta en marcha Transporte municipal. Estudio previo
134	62700	MOVILIDAD URBANA. Proxectos complexos	104.000,00	DUSI. Transporte baixo demanda taxi
151	64100	URBANISMO: PLANEAM. XESTIÓN. Aplicacións informáticas	2.500,00	Novo aplicativo informático de xestión para urbanismo
151	62700	URBANISMO: PLANEAM. XESTIÓN. Proxectos complexos	15.000,00	Redaccións de modificacións puntuais PXOM
1532	61900	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS .Outros investimentos de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	30.000,00	Reparación e pavimentacións de vías en distintos lugares do concello.
1532	61900	PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS inversión de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	73.633,29	Obras de pavimentación .Rúa Fragua e Xunqueira (Bertamiráns) POS 2020
154	62700	ACTUACIONES URBANISTICAS DUSI. Proxectos complexos	367.000,00	DUSI.Creación de sendeiros escolares e deportivos
154	62700	ACTUACIONES URBANISTICAS DUSI. Proxectos complexos	500.000,00	DUSI.Creación de una alameda central que vertebe el núcleo urban de Bertamiráns, peatonalizando rúas e favorecendo a creación dun espazo cidadán entrea Casa Consistorial, e o Pazo da Peregrina e o Parque do Ameneiral.(Plurianual 3 anos)
154	62700	ACTUACIONES URBANISTICAS DUSI. Proxectos complexos	12.000,00	DUSI.Proxecto de creación dunha segunda zona verde en Milladoiro
154	62700	ACTUACIONES URBANISTICAS DUSI. Proxectos complexos	88.000,00	DUSI. Obras dunha segunda zona verde en Milladoiro

APLICACIÓN		AREA DE GASTO	IMPORTE PREVISTO 2020	DENOMINACIÓN PROXECTO
PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN		
154	62700	ACTUACIÓNS URBANISTICAS DUSI. Proxectos complexos	155.000,00	DUSI.Dotación de espazos e equipamentos Centro Xove
160	60900	ALCANTARILLADO . Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	259.007,30	Plan de Mellora das redes de saneamento e abastecemento. CIA
160	60900	ALCANTARILLADO . Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	76.675,45	Saneamento e abastecemento Guimarans. CIA
160	60900	ALCANTARILLADO . Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	40.855,46	Saneamento e abastecemento en Quintans.CIA
160	60900	ALCANTARILLADO . Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	18.389,30	Pluviais Paramuíño.CIA
160	60900	ALCANTARILLADO . Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	60.796,00	Rede de pluviais en Cantalarrana ata o límite con Brión CIA
160	60900	ALCANTARILLADO . Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	174.050,47	Rede de pluviais travesía de Fontaldeiro e de Agra. CIA
165	62300	ALUMBRADO PÚBLICO . Maquinaria instalación técnicas e utillaxe	20.000,00	Instalación puntos de luz
165	62300	ALUMEADO PÚBLICO . Investi. Maquinaria instalacións técnicas e utillaxe	174.078,83	Redacción de Proxecto, dirección de obra e obras de Mellora da eficiencia enerxética no alumeado no rural do concello de Ames.
171	60900	PARQUES E XARDÍNS.Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	25.000,00	Orzamentos participativos investimentos infraestruturas destinadas á mocidade. Anfiteatros Mocidade Bertamiráns (Lapido).
171	60900	PARQUES E XARDÍNS.Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	25.000,00	Orzamentos participativos investimentos infraestruturas destinadas á mocidade. Anfiteatros Mocidade Milladoiro
171	60900	PARQUES E XARDÍNS.Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	42.000,00	Orzamentos participativos investimentos infraestruturas destinadas á mocidade. Dous Parques de Calestenia
171	60900	PARQUES E XARDÍNS.Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	12.500,00	Mobiliario para parques (bolsa de pezas para contrato Mantemento de Parques Infantís)
171	60900	PARQUES E XARDÍNS.Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	2.000,00	Colocación de dous biosaudable en Guimaráns. Orzamentos Participativos 2019
1729	60900	OUTRAS ACTUAC.PROTECC.MEDIO AMB. Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	13.500,00	Miradores e adecuación de rutas de sendeirismo en distintos lugares do concello
1729	60900	OUTRAS ACTUAC.PROTECC.MEDIO AMB.Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	18.200,00	Achega municipal programa de rede natura
2311	62900	ASISTENCIA SOCIAL.Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	500,00	Libros punto de igualdade
2411	62500	FOMENTO EMPREGO Adquisición coworking	381.465,50	Achega Municipal adquisición local para destino a espazo coworking
2411	62500	FOMENTO EMPREGO. Mobiliario	15.000,00	Equipos comunicación local espazo coworking
2411	62300	FOMENTO DO EMPREGO. Invest. Maquinaria instalacións técnicas e utillaxe	7.360,43	Placas Solares Centro de Formación e Emprego de Aldea Nova
2411	62500	FOMENTO DO EMPREGO. Mobiliario	35.000,00	Mobiliario local espazo Coworking
3232	63200	ESC.INF.MUN.BERTAMIRANS. Investimentos en infraestruturas e e bens destinados ao uso xeral	27.000,00	Achega municipal subvención nominativa Deputación reparación fachada e cuberta escola infantil O Bosque
3232	62900	ESC.INF.MUN.BERTAMIRANS.Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	5.000,00	Material didáctico
3233	62900	ESC.INF.MUN.BMILLADOIRO .Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	5.000,00	Material didáctico

APLICACIÓN		AREA DE GASTO	IMPORTE PREVISTO 2020	DENOMINACIÓN PROXECTO
PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN		
3262	63300	REDE MUNIC.COMEDOR.ESCOL. Invest. Maquinaria instalacións técnicas e utilaxe	8.000,00	Maquinaria Comedores
3262	62200	REDE MUNIC.COMEDOR.ESCOL.Edificios e outras construcións	6.000,00	Redución proxecto Comedor Central
3321	62900	BIBLIOTECAS PÚBLICAS .Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	3.000,00	Adquisición de fondos bibliográficos
3341	62900	PROMOCIÓN CULTURAL. Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	6.000,00	Instrumentos musicais escolas de música
3341	62300	PROMOCIÓN CULTURAL.Invest. Maquinaria instalacións técnicas e utilaxe	12.389,19	Placas Solares Casa de Cultura Milladoiro e anexos
3341	62900	PROMOCIÓN CULTURAL . Outros investimentos asociados ao funcionamento operativo dos servizos	9.000,00	Equipamento :Telón,proyector, climatización nas casas de Cultura
3341	63200	PROMOCIÓN CULTURAL . Investimentos de reposición en edificios	10.000,00	Reformas nas casas da Cultura de Milladoiro e Bertamiráns
3341	63200	PROMOCION CULTURAL. Investimentos Edificios e outras construcións	12.110,00	Acondicionamento centro sociocultural de Lens: pintado da fachada exterior e cambio de portas e xanelas. Orzamentos Participativos 2019
3341	63200	PROMOCION CULTURAL. Investimentos Edificios e outras construcións	10.890,00	Acondicionamento local social : substitución de tres das catro portas do local social de Trasmonte. Orzamentos Participativos 2019
3342	62200	XUVENTUDE . Invers. Reposic. Edificios e outras construcións	3.000,00	Redacción proxecto e dirección obra "Reformas edificio Factoría"
336	61900	PROTEC.E XESTIÓN PATRIM.HIST-ART. Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	9.000,00	Achega municipal subvención Deputación Municipal Rehabilitación da Ponte Cabirta
342	62900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS . Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	10.000,00	Material escolas deportivas
342	62500	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.Mobiliario	5.000,00	Mobiliario pistas deportivas
342	61900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Outros investimentos de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	2.904,00	Reposición caucho campo de fútbol do Milladoiro
342	62900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS .Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	2.000,00	Círculos de patinaxe
342	62500	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. Mobiliario	5.000,00	canastas e porterías pistas descubertas
342	61900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Outros investimentos de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	800,00	Postes de volei
342	61900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Outros investimentos de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	15.000,00	Actuacións no perímetro do campo de fútbol de Bertamiráns
342	62300	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Maquinaria instalación técnicas e utilaxe	300,00	Altavoz megafonía
342	62200	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS . Investimentos edificios e outras construcións	200.000,00	Obras de ampliación pavillón Bertamiráns.
342	62300	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. Invest. Maquinaria instalacións técnicas e utilaxe	3.366,22	Placas Solares Campo de Fútbol Bertamiráns
342	62300	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS .Invest. Maquinaria instalacións técnicas e utilaxe	11.468,38	Placas Solares Pavillón Deportivo Bertamiráns
342	62300	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS .Invest. Maquinaria instalacións técnicas e utilaxe	3.289,99	Placas Solares Campo de Fútbol de Milladoiro

APLICACIÓN		AREA DE GASTO	IMPORTE PREVISTO 2020	DENOMINACIÓN PROXECTO
PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN		
342	60900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS .Investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	3.561,03	Liquidac. Obra mellora accesibilidade polideportivo Milladoiro. POS 2018
342	61900	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS . Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	89.652,55	Reforma de vestiarios campo de fútbol Bertamiráns.Achega Provincial POS 2020
342	62200	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS Investimentos edificios e outras construcións	81.743,12	Vestiarios baixo gradas C. Fútbol de Milladoiro. POS 2019 Adicional 1/19
4311	60900	FERIAS Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	5.000,00	Ampliación mercadillo Bertamiráns
432	60900	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA Outros investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	20.000,00	Creación Bosque do Peregrino.
453	62500	ESTRADAS .Mobiliario	10.000,00	Mobiliario no rural Marquesiñas e bancos
453	61900	ESTRADAS.Outros investimentos de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	25.000,00	Obras de mantemento e mellora de estradas en distintos lugares do concello
453	61900	ESTRADAS .Inves. Reposicións en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	102.696,73	Pavimentación viais núcleo de Raíces.POS 2019 Adicional 1/19.
453	60900	ESTRADAS .Investimentos en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	96.288,75	Estrada de Mercuto a Vilar (Ameixenda).Préstamo Provincial 2020
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS.Outros investimentos de reposición infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	15.000,00	Obras de mantemento e mellora de camiños veciñais en distintos lugares do concello
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	6.000,00	Achega Plan mellora Camiños Anualidade 2020
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	4.534,11	Achega Plan mellora Camiños 2020 Camiño de Firmistáns a estrada de Tarrío e camiño á Insua (praia fluvial de Tapia).
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inves. Reposicións en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	134.596,95	Senda peonil de Sisalde a Agro do Muíño POS 2019 Adicional 1/19
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inves. Reposicións en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	90.920,30	Pavimentación camiño de Tarrío-Raíces.POS 2019 Adicional 1/19
453	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inves. Reposicións en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	95.009,62	Pavimentación acceso Ventosa.POS 2019 Adicional 1/19
453	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inves. Reposicións en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	87.901,56	Pavimentación acceso Sura.POS 2019 Adicional 1/19
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inves. Reposicións en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	184.547,41	Senda Peonil Outeiro a Costoia.POS 2019 Adicional 1/19
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Inves. Reposicións en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	57.045,22	Acceso a Pontanxil Trasmonte.POS Adicional 2/19
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	166.668,24	Accesos e interiores de Firmistáns (Bugallido) Achega Provincial POS 2020
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	67.534,94	Mellora interiores en Seares de Arriba (Ames).POS 2020
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	181.993,66	Interiores de Ortoño e As Cortes (Ortoño).POS 2020

APLICACIÓN		AREA DE GASTO	IMPORTE PREVISTO 2020	DENOMINACIÓN PROXECTO
PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN		
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	80.829,26	Interiores de Paramuíño (Biduído).POS 2020
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	6.707,91	Liquidación obra Acceso a carreira e viais no Núcleo de Pedras.POS 2018
454	61900	CAMIÑOS VECIÑAIS . Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	4.354,63	Liquidac. Camiño Principal en Sandar POS Adc. 1/17
4911	62900	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN RADIO Outras inversións asociadas ao funcionamento dos serv.	5.000,00	material Ames radio e fondos roldas de prensa téxtil extensible
4911	62700	PATRIMONIO MUNICIPAL.Proxectos complexos	3.500,00	Modificar/actualizar o portal de transparencia e a subida de datos ao mesmo.
4913	62700	SOCIEDADE DA INFORMACIÓN RADIO DUSI	20.000,00	DUSI. Instalación de dispositivos de sensorización para a detección temperá de inundacións, equipos de enlace econexión co centro de recollida de datos.
926	62600	COMUNICACIÓNS INTERNAS Equipos procesos información	25.000,00	Equipos informáticos pantallas ordenadores escaner, proxector, equipos CPD.
926	62700	COMUNICACIÓNS INTERNAS . Proxectos complexos	17.500,00	Auditoría ENS (Esquema Nacional de Seguridade)/LOPD
933	63200	PATRIMONIO . Edificios e outras construcións	114.677,41	Reparación e melloras da Casa de Cultura de Milladoiro e outros.POS 2020
933	63200	PATRIMONIO MUNICIPAL Edificios e outras construcións	15.000,00	Reparacións en varias oficinas xerais. Reparacións en varias oficinas xerais e sótano casa do concello
933	62200	PATRIMONIO MUNICIPAL. Edificios e outras construcións	18.000,00	Obras reforma locais en alugueiro
933	62700	PATRIMONIO MUNICIPAL. Proxectos complexos	34.000,00	Contratación da actualización, por fases, do inventario municipal con xeorreferencias no núcleo urbano, rural e rústico
933	62700	PATRIMONIO MUNICIPAL.Proxectos complexos	18.000,00	Contratación inventario municipal Cartografía- liñas eléctricas, gasodutos e oleodutos
TOTAIS			5.113.793,21	

O coeficiente de investimentos financiados con recursos propios nos estados consolidados, representa un 39% da totalidade dos crédito consignado neste capítulo.

IMPORTE PREVISTO 2020	FINANCIAMENTO 2020		
	CONCELLO	PRESTAMO	ACHEGAS FINALISTAS
5.113.793,21	2.007.791,13	684.944,96	2.421.057,12
%	0,39	0,13	0,47

Conclusións:

O proxecto de orzamentos que se presenta supera a cifra dos 27 millóns de euros e garante un compromiso no investimento e desenvolvemento de servizos. O equilibrio e a sustentabilidade das contas acádase cun maior esforzo económico no ámbito social, educativo e no benestar social, coa máxima eficiencia dos recursos públicos e garantindo a prestación de servizos básicos. O incremento na inversión, cunha dedicación do 18,68% do orzamento, fixa a aposta polo desenvolvemento urbano, e en especial, no rural, nun escenario de débeda en mínimos e de financiamento Europeo cos Plans Impulsa Ames da DUSI e de eficiencia enerxética co IDAE.

Acádase así o cumprimento dos obxectivos e políticas de mellora dos servizos públicos municipais, na procura dunha mellor calidade na prestación dos mesmos e o incremento das infraestruturas que se demandan desde a cidadanía polo continuo crecemento poboacional que segue a estar presente no noso Concello e coas particularidades existentes.

O Alcalde.

José M. Miñones Conde